



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMAS DE CASTELO
15027885

Lamas de Castelo, s/n.
15293 – CARNOTA
Tlf.: 881867200
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
<http://edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



Curso 2022/23

Equipo de Dinamización da Lingua galega
(EDLG)

XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS E MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



0. Coordinación

A coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) foi M^a Luz Barreiro Otero.

1. Actividades do EDLG

Actividades realizadas

- **Actualización do espazo do EDLG na web do centro**
Seguimos coa actualización do mesmo, ao que cómpre engadir ligazóns con outros sitios web interesantes de fóra da comunidade educativa. O espazo web do equipo na páxina do instituto é este: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2128>
- **Potenciación do taboleiro de normalización lingüística**
Usamos o taboleiro para informar sobre actividades relacionadas coa lingua galega; expoñer artigos de opinión, recensións, columnas de xornais nos que se reflicte a situación sociolingüística, coa finalidade de xerar opinión. Colgamos viñetas de humoristas gráficos galegos ou de noticias de xornais relacionadas coa lingua, con premios a autores e autoras das nosas letras. Tamén colgamos nel os carteis das campañas realizadas desde o EDLG ou en colaboración con el.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2109>
- **Campaña “Elas fano en galego”**
Esta actividade botou a andar hai dous cursos e continuamos con ela. A campaña pretende visibilizar mulleres galegas de ámbitos variados que desenvolven a súa actividade en galego, dándolle normalidade ao uso da lingua. Cada quincena elaboramos un cartel e traballamos nel, ou ben alumnado do EDLG ou a propia coordinadora do equipo. Selecciónase a información, elabórase un cartel sobre a súa relación coa lingua na súa actividade profesional. Eses carteis cólganse no Taboleiro de Normalización Lingüística e no espazo do EDLG na web do centro. Tamén se traballa con eses carteis e figuras nas aulas, pois teñen aproveitamento para coñecer máis de cada unha delas e seguir investigando, así como para fomentar a visibilización das mulleres para fomentarmos así a igualdade. Neste curso escollemos un abano ben amplo de mulleres, desde poetas a músicas, pasando por ilustradoras e dúas delas visitáronnos no centro en momentos concretos do curso, como contaremos noutros apartados desta memoria. Neste curso viñeron a ilustradora Laura Suárez, ilustradora e escritora e Laura Romero, ilustradora e música.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2129>
- **Celebración do Día do lector e da lectura: 3 novembro**
Celebrouse por segunda vez esta data no **Calendario do Libro e da Lectura** e sumámonos á iniciativa. Xosé Neira Vilas é un autor importantísimo da nosa lingua e literatura e, coincidindo coa data do seu nacemento, organizamos unha lectura pública dos seus textos durante o recreo, ademais dunha exposición das súas obras que temos na biblioteca do instituto. Este acto serviu para achegar o alumnado e profesorado asistente á lectura á obra dun autor xa clásico das nosas letras. Un alumno do EDLG, coa colaboración da coordinadora da biblioteca escolar, elaborou un cartel para esta ocasión.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2130>
- **Conmemoración das festas do magosto e do entroido**
Falouse nas aulas de Lingua Galega e Literatura destas festas cíclicas, fixéronse carteis anunciadores das festas e todo o alumnado e profesorado do centro participou nas dúas festas, seguindo coa tradición. Ademais de asar e comer as castañas (no magosto) e de disfrazarnos (no



entroido) serviunos para facermos dúas sesións de convivencia fóra das aulas, compartindo falares, tradición, música en galego.

- **Lecturas contra a violencia machista**

En colaboración coa biblioteca escolar, fíxose unha selección de textos (maioritariamente en galego) para lermos na biblioteca durante os recreos do 25 e do 28 de novembro. Este ano convidamos á responsable da biblioteca do Concello, á directora da Escola de Música de Carnota, á dona da librería Chorima e tamén leu unha nai dunha alumna de 4º. Ademais, participaron moitas profesoras do centro, algún profesor e un grupo de alumnas e alumnos.

- **Colaboración na saída cultural a Santiago de Compostela**

Realizamos unha actividade no Museo do Pobo Galego co alumnado de 3º e 4º, unha visita cun xogo de pistas para iren descubriendo as distintas dependencias do museo e as pezas que alía se expoñen. Á volta, redactaron textos comentando a experiencia.

- **Concurso de relato breve a partir de fotografías**

En colaboración coa materia de Educación Plástica e Visual, organizamos un concurso de relato breve a partir de fotografías. Estas foron tiradas polo alumnado de 4º de ESO en Plástica e o EDLG convocou o concurso para escribir a partir desas imaxes. Pareceunos unha boa idea que combinou a creatividade do alumnado, tanto na composición das imaxes, coma na expresión escrita.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2149>

- **Regueifando para o Correlingua 2023**

Este ano continuamos practicando un pouco a regueifa, especialmente co alumnado de 3º de ESO que é o máis participativo nesta actividade. Fixemos un vídeo con tres coplas de regueifa para participarmos na regueifa colectiva do Correlingua e o resultado da montaxe final, pode verse aquí:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2262>

- **Encontro con Laura Suárez, artista plástica e escritora**

Concoido co Día da Ilustración, o 30 de xaneiro, tivemos un encontro con Laura Suárez, autora do libro *Monte Pindo. Historias e lendas do olimpo celta*. Planificamos esta actividade para todo o alumnado e realizouse no vestíbulo. Falo da súa faceta creadora, de como xurdiu a idea de facer esta obra e compartiu connosco as súas experiencias neste eido, asistindo en directo á súa maneira de debuxar usando a tablet e proxectando para a asistencia a súa creación. Coa súa visita tratamos de ofrecerlles referentes positivos no uso da lingua e na creación, neste caso especialmente porque é unha autora moi próxima á nosa contorna, un referente próximo que poida estimular a creatividade do noso alumnado.

Laura é unha das mulleres que formaron parte da campaña *Elas fano en galego*, polo que preparamos o seu cartel correspondente desta campaña. Tres alumnas e un alumno encargáronse de abrir o coloquio con ela e dirixir as preguntas.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2147>

- **Charla sobre a lingua galega e os videoxogos**

Esta charla organizouse para o alumnado de 2º e 3º de ESO e foi impartida por Carlos García Vieito da **Mesa pola Normalización Lingüística**, a finais de marzo. Con ela o alumnado informouse e concienciouse sobre a situación da lingua neste ámbito tan vivo e presente nas súas vidas e da necesidade urxente da normalización da lingua.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2218>



- **Día das Letras Galegas 2023 en honor a Francisco Fernández del Riego**
 - **Coñecemento e difusión do autor nas aulas e na comunidade educativa**

A vida e obra do autor foi traballada nas aulas de Lingua Galega e Literatura en todos os niveis, analizando as liñas máis importantes da súa vida e obra. O tempo dedicado foi desigual, dependendo dos cursos, porque en 4º, xa se falara del ao estudar o temario de Lingua Galega e Literatura. En 1º, lemos e analizamos unha obra de teatro e en 2º e 3º visionamos vídeos, analizamos textos sobre a súa vida e achegas ás letras. Este ano botamos de menos a exposición que todos os anos nos enviaba a SXPL e neste curso non chegou.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2259>
 - **Música e lingua con Zénzar para celebrar o Día das Letras Galegas**

O Concello de Carnota ofreceunos unha vez máis a súa colaboración e desta vez tróuxonos o espectáculo *Música e lingua con Zénzar* para celebraren con nós as letras galegas. Viñeron o venres 12 de maio para inaugurar as **Xornadas Culturais** do centro. Un espectáculo fantástico que combina un repaso pola música galega contemporánea en galego, así como o papel das mulleres neste ámbito. Un dos guitarristas da banda, Paco Cerdeira, e a baixista, Laura Romero, fixeron un repaso por estas cuestións, á vez que ela debuxaba un mural de músicas galegas e ían cantando cancións súas ou da banda. Unha marabilla de actividade, normalizadora da lingua no eido musical e que animou o alumnado a buscaren máis músicas e bandas galegas pola rede.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2219>
Laura Romero foi unha das mulleres que formaron parte da nosa campaña *Elas fano en galego*, ao combinar a súa faceta de ilustradora e música e por facer a súa vida pública e creativa en galego, mesmo non sendo galega de nacemento. Decidimos visibilizala a ela na nosa campaña por darlle ela visibilidade ás mulleres músicas galegas nas súas ilustracións.
- **Concerto con Alberto Romero Pedrosa**

Organizamos un concerto coloquio con este músico muradán, pola súa proximidade ao alumnado, xa que é un músico moi coñecido na comarca. É un mozo novo cunha traxectoria impecable no eido musical: profesor de guitarra clásica, eléctrica e ukelele na Escola de rock da Coruña, e colaborador de moitos e moitas músicos de todos os estilos en Galicia. Ten formación clásica e presentoulle algunha mostra ao alumnado, tocando coa guitarra española a Albéniz, así como tocando versións de temas propios ou versións doutros. O concerto foi moi interesante e mesmo convidou a tocar con el a algúns dos nosos alumnos. Unha vez máis, quixemos ofrecerlles referentes nos que mirarse para estimular a súa creatividade.
- **Material bibliográfico:** ampliáronse os fondos da biblioteca do centro ao mercar novidades editoriais para fomentar entre o alumnado e as familias o gusto pola lectura tanto de obras clásicas como actuais en lingua galega, ademais de potenciar a valoración da realidade cultural e literaria de Galicia, así como algunha publicación sobre Francisco Fernández del Riego.
- **Material audiovisual:** tratouse de fomentar no alumnado e nas familias o gusto pola música, filmes e documentais en lingua galega, favorecendo así o achegamento á realidade cultural de Galicia. Mercéronse CDs de música, de poesía musicada.
- **Asesoramento lingüístico do EDLG:** achegamos axudas lingüísticas aos departamentos, á biblioteca e ao profesorado, sempre que foi solicitada, para supervisión e corrección de textos.
- **Edición dixital da revista O Gherreiro**

Continuamos editando a revista dixital, colgada na aula virtual do centro. Nela publicamos artigos sobre as distintas actividades que o alumnado vai facendo como complementarias e extraescolares,



así como recollendo algúns dos traballos e creacións saídas das aulas. Ademais de facermos unha memoria escrita e visual do curso, foméntase a redacción de textos en galego para así melloraren a súa capacidade expresiva.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/aulavirtual/course/view.php?id=230>

2. *Actividades realizadas polos departamentos que colaboran co EDLG*

Todas as actividades que se indican a continuación fomentan o emprego do galego no instituto e nelas colabora o profesorado de cada departamento.

Colaboración directa coa Biblioteca do centro e o Departamento de Lingua Galega en diversas actividades como:

- A concreción do Plan Lector (materiais recomendados para os períodos de vacacións, recomendacións de lecturas para o nadal, lecturas para a primavera...).
- Selección de lecturas en galego para incluír nas caixas da **Hora de ler**, actividade que comezou este curso no noso centro.
- Adquisicións de materiais en galego para ampliar os fondos.
- Difusión de novidades en galego a través de exposicións na Biblioteca e elaboración de trípticos. Elaboráronse dous trípticos: en decembro 2022 (lecturas para o nadal), outro en abril ([lecturas para a primavera](#)).

- **Colaboración na celebración do “Día das escritoras”**

Elaboramos unha selección de textos de autoras galegas para levar ás aulas nesta efeméride, para visibilizar autoras actuais en todos os niveis educativos. Así, léronse e traballáronse textos narrativos, poéticos e xornalísticos de Marina Mayoral, Luz Pozo Garza e Montse Fajardo . <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/2088>

- **Colaboración no recital do Día da Poesía**

O 23 de febreiro realizouse un ano máis un recital poético para conmemorar o Día da Poesía, no Día de Rosalía. Esta actividade é coordinada polo equipo de Biblioteca, o EDLG e o departamento de Lingua Galega, que asesoraron os participantes para seleccionaren poemas de Rosalía (maioritariamente) ou outras/os autoras/es. O recital celebrouse no vestíbulo do centro e participou un elevado número de persoas entre alumnado, profesorado, así como a libreira de Chorima. Ao rematar, un grupo pequeno de alumnos e alumnas, xunto coas coordinadoras da Biblioteca e do EDLG participaron tamén no recital de poesía organizado polo Concello de Carnota, fomentando así a colaboración e levando a poesía tamén fóra do centro.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/1795>

Para verificar estas colaboracións coa biblioteca pode consultarse a memoria do Plambe deste curso, aquí:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/system/files/Memoria%20Activ%20PLAMBE%202022-23.pdf>

Departamento de Tecnoloxía

O profesor de Tecnoloxía forma parte do EDLG e colabora en moitas actividades:

- Preparación da megafonía para todos os espectáculos que precisaron dela: os encontros con Laura Suárez (ademais, de ser o intermediario con ela), do Día da Poesía, do concerto de Música e Lingua con Zénzar, do concerto de Alberto Romero (ademais de ser el quen o convidou a vir ao centro)
- Deseño da revista dixital na aula virtual do instituto.



Departamento de Lingua galega

- Ampliación de contidos na páxina web do departamento de Lingua Galega do instituto:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/278>
- Selección de poemas e preparación do alumnado para o recital do Día da Poesía, para o Día do lector e da lectora, para as lecturas contra a violencia machista, para as lecturas do Día das escritoras...
- **Exposición "Manuel María. Beleza, amor e compromiso"**
A Casa Museo Manuel María emprestounos esta exposición e tivémola durante tres semanas a inicios do segundo trimestre no noso centro, no vestíbulo, para facilitar que a visitase non só o alumnado do centro, senón todas as persoas que compoñen a nosa comunidade educativa. A maior parte do alumnado baixou visitala e aprender máis da vida e obra de Manuel María durante as sesións de Lingua Galega e Literatura.
- Publicidade e traballo nas aulas para conmemorar o Día das Letras Galegas, seleccionando materiais para divulgar a figura de Paco Fernández del Riego.
- Propuxo xogar co alumnado durante algunhas sesións das Xornadas Culturais ao xogo **Ti non es de aquí?**, xogo de taboleiro con preguntas e retos sobre cultura, lingua, xeografía, ciencia... de Galicia e en galego.
- Redacción e/ou corrección de artigos para a revista escolar.

Departamento de Francés

- Realización de carteis en galego para difundir actividades da biblioteca.
- Selección de materiais para elaborar os trípticos ou boletíns de novidades.
- Elaboración de material divulgativo en galego nas materias de Proxecto competencial de 1º e de Valores éticos en 4º

Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares

- Colaboración na realización de carteis para a celebración do entroido e da realización dos disfraces, así como para a Saída cultural a Santiago de Compostela, así como na Excursión a Baroña, Catoira e Campo Lameiro.
- Colaboración no artigo sobre a viaxe a París de 4º de ESO e redacción do artigo para a revista.

Departamento de Educación Plástica e Visual

- Colaboración na realización de imaxes e/ou ilustracións para a revista *O Gherreiro 2023*.
- Colaboración no Concurso de relato breve a partir de fotografías.

Departamento de Bioloxía

- Colaboración na redacción de artigos para a revista, sobre a saída á praia e a recollida de lixo.

Departamento de Xeografía e Historia

- Colaboración nunha saída cultural a Santiago de Compostela e exposición en galego sobre distintos espazos da cidade, así como na Excursión a Baroña, Catoira e Campo Lameiro.
- Colaboración na redacción de artigos para a revista escolar.

Departamento de Matemáticas

- Colaboración de artigos para a revista sobre as actividades que o departamento realizou ao longo do curso (Excursión a Portugal con 3º de ESO, xogos matemáticos, concurso estatístico, roteiros matemáticos durante as Xornadas culturais...).

Departamento de Física e Química

- Redacción de artigos sobre as actividades realizadas no Club de Ciencia na Aula virtual e na revista escolar.

Departamento de Orientación e Plan de Igualdade

- Realización de actividades relacionadas coa visibilización das mulleres, como por exemplo o da asociación Visibles *Sen elas non hai olería*, que ademais impartiron un obradoiro de olería.



- Charlas para as familias e o alumnado impartidas preferentemente en galego.

Neste aspecto **gustaríame facer unha crítica a algúns dos ponentes** que viñeron impartir algún obradoiro, **por non respectaren os dereitos lingüísticos do noso alumnado**. Houbo unha ponente que viña de fóra de Galicia e non só non falou galego senón que chegou a dicirlle ao alumnado que non entendía o seu galego e tiveron eles que mudar de lingua. Xa comuniquéi a queixa ao departamento de Orientación. Desde o EDLG esixiremos que os ponentes que veñen impartir formación a un centro público, como mínimo, entendan a nosa lingua. Paréceme gravísimo o retroceso que se está dando neste ámbito, pois á parte de seguirmos perdendo axudas para o fomento do galego, hai persoas que nin sequera no sistema público fan un mínimo esforzo por garantiren os dereitos dos galego-falantes.

3. **Consecución dos obxectivos previstos:**

Revisados os obxectivos a curto prazo previstos, creo que se lograron case por completo, pois realizamos o 92% das actividades propostas no **Proxecto de fomento do galego**. Todas as que estaban previstas foron realizadas, agás o traballo coa toponimia e a participación no certame “Rosalía, sempre viva”. Tampouco puidemos facer o encontro-concerto con Adhara Caamaño, por problemas persoais e de axenda dela. Porén, engadíronse outras ao longo do curso ao xurdiren despois de feito o proxecto e porque se consideraron interesantes para o alumnado, como foi o espectáculo de Música e lingua con Zénzar, así como a participación no Regueifando! do Correlingua 2023.

Debemos mellorar os tempos de reunión e coordinación dos membros do EDLG, para optimizar o tempo e delegar máis actividades na organización e realización por parte do alumnado. Ás veces, cústanos reunirmos porque ao sermos un centro pequeno, todos andamos a múltiples tarefas: temos un só recreo e , como a coordinadora do EDLG forma parte do equipo de biblioteca, aproveita algúns recreos para se xuntar co alumnado do EDLG durante as propias gardas de biblioteca no recreo, ademais, tamén coordinou un club de lectura nos recreos dos xoves. E o alumnado ten outras propostas como Club de lectura e Club de ciencia e recreos no ximnasio... co cal, co tempo que temos, imos resolvendo da mellor maneira que podemos. A final de curso acostumamos facer unha xuntanza xeral na que valoramos en conxunto o que fixemos e o que nos gustaría ter feito. Pedimos ideas de cara ao ano vindeiro e facemos unha entrega de agasallos ao alumnado participante para animalo a participar de novo.

4. **Actuacións de mellora no EDLG para vindeiros proxectos:**

Deben terse en conta a partir do curso vindeiro os seguintes aspectos:

- Incorporar novo alumnado para reforzar o equipo e, de ser posible, profesorado voluntario.
- Incluír gravacións e montaxe de vídeos e podcast, para tratar de motivar máis ao alumnado. Para isto debemos revisar ben a lexislación no que se refire aos dereitos de imaxe, no caso de incluírense nalgunha das creacións.
- Continuar a colaboración co departamento de Tecnoloxía (coas TIC e E-Dixgal) e co de Actividades Extraescolares, especialmente por todo o que atinxe á elaboración da revista escolar do centro, que pretendemos mellorar.

A asignación económica concedida a través do Proxecto de Fomento do uso do galego para este curso 2021/22 foi de **291€**, contía que gastamos en materiais funxibles ou non inventariables, mais que non abonda para cubrir os gastos do EDLG. O resto, evidentemente, corre a cargo do orzamento do centro. Un ano máis diminuíron as axudas, polo que desde o EDLG do IES Lamas de Castelo esiximos que se aumenten as partidas de diñeiro para os Proxectos de Fomento do uso do galego e que se concedan con maior celeridade. Non nos parece normal que sexan concedidas oficialmente a 7 de xuño, cando xa estamos rematando o curso.



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMAS DE CASTELO
15027885

Lamas de Castelo, s/n.
15293 – CARNOTA
Tlf.: 881867200
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
<http://edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



A coordinadora do EDLG

Asdo.: M^a Luz Barreiro Otero

VISTO E PRACE O director. Iván Díaz Villaverde

Asdo.: Iván Díaz Villaverde

Carnota, 22 de xuño de 2023



**XUNTA
DE GALICIA**

INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMAS DE CASTELO
15027885

Lamas de Castelo, s/n.
15293 – CARNOTA
Tlf.: 881867200
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
<http://edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



ANEXO III

CERTIFICACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO

DATOS DA ENTIDADE

NOME DO CENTRO EDUCATIVO: IES LAMAS DE CASTELO NIF: Q6550053J

DATOS DO SECRETARIO DO CENTRO:

ROBERTO REY LAGO NIF: 32769462M

Na súa ausencia, IVÁN DÍAZ VILLAVERDE, con NIF: 33561538F

CERTIFICO:

1º. Que o libramento de fondos efectuado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o proxecto de fomento do uso do galego presentado polo centro, por unha contía de **291 euros**, foi destinado na súa totalidade para os fins para os que foi concedido.

2º. Que as facturas e xustificantes de pagamento orixinais imputables ás actividades obxecto do proxecto quedan arquivados no centro á disposición dos órganos de seguimento.

SINATURA DO SECRETARIO DO CENTRO EDUCATIVO

Carnota, 26 de xuño de 2023


ANEXO IV
CADRO – RESUMO DA ACTIVIDADE
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:
NOME DO CENTRO EDUCATIVO: IES LAMAS DE CASTELO. **NIF:** Q6550053J

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

IVÁN DÍAZ VILLAVERDE, con NIF: 33561538F

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
1º trimestre	Día das escritoras	Sen custo	---
1º trimestre	Día do lector e da lectora	Sen custo	---
1º trimestre	Lecturas sobre a violencia de xénero	Sen custo	---
1º trimestre	Saída cultural a Santiago de Compostela	Sen custo	---
2º e 3º trimestre	Adquisición material bibliográfico e audiovisual	100,00 €	Material bibliográfico e audiovisual
2º e 3º trimestre	Exposicións para a difusión dos diversos materiais cos que conta a Biblioteca para a celebración de datas sinaladas: entroido, 8 marzo...	30,00 €	Tinta, papel, rotuladores, cartolinas, plastificados.
2º e 3º trimestre	Carteis e trípticos para publicitar novidades bibliográficas e audiovisuais; tríptico de nadal, recomendacións para a primavera	30,00 €	Papel, tinta... para a edición e impresión dos mesmos
2º e 3º trimestre	<i>Elas fano en galego</i>	35,00 €	Tintas de cor, papel, tacholas, cinta adhesiva.
2º trimestre	Encontro e coloquio con Laura Suárez	200,00 €	Pagamento da actividade a autora
2º trimestre	Día da Poesía en honor a Rosalía de Castro	20,00 €	Tinta, papel, plastificados de carteis para anunciar o recital e editar o caderno cos poemas.
2º trimestre	Conmemoración das festas cíclicas do ano: o entroido	Sen custo	---
2º trimestre	Concurso de relato a partir de fotografías	150,00 €	Edición das fotos, explicacións e bases do concurso. Premio: vale de compra para o premiado na Librería Chorima
2º trimestre	Charla sobre os videoxogos e o galego da MNL	15,00 €	Agasallo de libro para o poñente
3º trimestre	Día das Letras Galegas dedicado a Francisco Fernández del Riego	10,00 €	Carteis divulgadores do autor e para dinamización nas aulas.
3º trimestre	Charla-concerto con Alberto Romero nas Xornadas Culturais	200,00 €	Pagamento da actividade
3º trimestre	Espectáculo de <i>Música e lingua con Zënzar</i>	Sen custo	Pagouno o Concello
3º trimestre	Edición dixital da revista	Sen custo	---



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMAS DE CASTELO
15027885

Lamas de Castelo, s/n.
15293 – CARNOTA
Tlf.: 881867200
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
<http://edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



	<i>O Gherreiro 2022</i>		
3º trimestre	Xuntanza final e entrega de detalles aos compoñentes do EDLG	35,00 €	Cadernos, bolígrafos, pegatinas... sobre o uso do galego.
GASTO TOTAL		825,00 €	

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Carnota, 26 de xuño de 2023